\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	As clases teóricas adicaranse a presentar aqueles fundamentos das técnicas que son relevantes para a interpretación das medicións dende o punto de vista estrutural (relacións entre os espectros e as estruturas).
Resolución de problemas	As clases adicaranse a resolver exercicios ou problemas que permitan ao final de cada tema a obtención de informacións relevantes das correspondentes técnicas.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Durante todo o periodo docente os alumnos poderán consultar todo tipo de dudas e cuestións cos profesores da materia nos horarios de titoría.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas	Nas clases presenciais (maxistrais, seminarios) pediráselles aos alumnos entregables coa resolución de problemas e/ou exercicios que servirán para a avaliación dos alumnos. Resultados de aprendizaxe: (1). Describir os conceptos fundamentais dos métodos de determinación estrutural. (2). Analizar a información que, sobre a estrutura molecular proporcionan os distintos métodos e discernir as limitacións básicas que teñen. (3). Predicir as características básicas dun determinado espectro para unha sustancia determinada.	30	A3	D1
Exame de preguntas obxectivas	Haberá unha proba curta ao longo do periodo lectivo de 2 horas de duración nas que se pedirá a obtención de información estrutural a partires de datos experimentais (espectros, etc, 20% da nota final) Ademais, farase un exame final que abarcará todos os temas e a súa calificación será o 50% da nota da materia.	70	A3 A4	D1

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para superar a materia o estudante debe:

- Acadar un 5 (sobre 10) de nota media das actividades de avaliación
- Acadar unha nota mínima de 4 en cada unha das probas escritas

No caso de non acadar algún dos mínimos, en acta figurará o resultado ponderado das probas curtas.

Un alumno que realice máis do 20% do traballo total planificado será cualificado de acordo coa lexislación vixente e, polo tanto, non poderá figurar na acta a mención NON PRESENTADO. En calquera caso, a realización dunha das probas curtas, suporá a cualificación da materia.

Os alumnos que non superen a materia ao final do cuadrimestre deberán facer unha proba global escrita no período de peche de avaliación definitivo no mes de xullo. Dita proba substituirá aos resultados das probas escritas. A cualificación dos entregables (das actividades presenciais) e o traballo/proxecto non son recuperables.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

#### **Bibliografía Complementaria**

Williams, D.H., Fleming, I., **Spectroscopic Methods in Organic Chemistry**, 6ª, 2007

Hammond, Christopher, **The Basics of crystallography and diffraction**, 2009

Pavia, D.L., Lampman, G.M., Kriz, G.S., Vyvyan, J.R., **Introduction to Spectroscopy**, 5ª, 2014

Pretsch, Ernö, **Structure determination of organic compounds : tables of spectral data**, 4a, Springer, 2009

Clayden, Jonathan, **Organic Chemistry**, 2a, 2012

Hesse, M, Meier, H, Zeeh, B., **Métodos espectroscópicos en Química orgánica**, 2a, Síntesis, 2005

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

(\*)/

#### **Outros comentarios**

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

Todas as actividades e as metodoloxías docentes propostas nesta asignatura son adaptables sen cambios o uso do campus remoto. Por este motivo non se precisan cambios na guía docente para axustarse a posibles continxencias. Ós contidos, metodoloxías e a avaliación executaranse nos mesmos termos se a docencia practícase de modo presencial, mixto ou non-presencial.

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Química analítica II: Métodos ópticos de análise**

Materia	Química analítica II: Métodos ópticos de análise			
Código	V11G201V01207			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Química analítica e alimentaria			
Coordinador/a	Bendicho Hernández, José Carlos			
Profesorado	Bendicho Hernández, José Carlos Pérez Cid, Benita			
Correo-e	bendicho@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés. Descrición da materia: os métodos ópticos de análises (espectroscopia analítica), constitúen unha poderosa e versátil ferramenta nos laboratorios químicos, resolvendo problemas en áreas de interese como a alimentación, o medioambiente, a industria ou biomedicina. Nesta materia aprenderanse os fundamentos, instrumentación e aplicacións dos principais métodos ópticos de análises que descansan en fenómenos de interacción entre radiación electromagnética e materia como a absorción, emisión, fluorescencia, dispersión, etc.			

**Competencias**

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Capacidade de análise e síntese
C6	Coñecer os fundamentos e ferramentas habituais na resolución de problemas analíticos e na caracterización de substancias químicas
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
D1	Capacidade para resolver problemas

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Elixir a técnica analítica instrumental máis apropiada en función do analito a determinar e as características da mostra.				C6
Definir, calcular e interpretar os diferentes parámetros de calidade dun método analítico.		B4		C6
Explicar os fundamentos dos principais métodos ópticos de análises e coñecer as súas aplicacións máis relevantes nos laboratorios.	A2			C6
Describir os procesos de interacción da radiación electromagnética coa materia, clasificar os métodos ópticos e recoñecer as diferenzas entre a espectrometría molecular e atómica.				C6
Distinguir a instrumentación das técnicas espectroscópicas modernas e os seus diferentes compoñentes.				C6
Seleccionar o método de calibración máis adecuado de acordo ao problema analítico exposto e computar os datos experimentais para obter a función de calibración.			C26	D1
Aplicar experimentalmente os métodos ópticos de análises para a resolución de problemas en diferentes campos de traballo.	A2 A3		C26	
Levar a cabo cálculos numéricos correctos na resolución de problemas dos métodos ópticos de análises.	A2 A3	B4	C26	D1

**Contidos**

Tema
------

TEMA 1. Introducción ás técnicas instrumentais de análises.	Clasificación das técnicas instrumentais de análises. Parámetros de calidade dun método de análise instrumental: Validación. Métodos de calibración en análise instrumental: calibración externa, adición estándar e patrón interno. Características das curvas de calibrado. Axuste por regresión e parámetros estatísticos das rectas de calibrado.
TEMA 2. Métodos ópticos de análises: xeneralidades.	Espectro electromagnético. Fenómenos de interacción entre a radiación electromagnética e a materia. Clasificación dos métodos ópticos de análises. Compoñentes instrumentais e configuracións representativas dos diferentes instrumentos. Sinais e ruído.
TEMA 3. Espectroscopia de absorción molecular UV-vis.	Fundamentos da absorción molecular UV-vis. Conceptos básicos. Lei de Beer. Desviacións da lei de Beer. Especies absorbentes. Tipos de instrumentos. Aplicacións. Metodoloxía analítica en análise cuantitativa.
TEMA 4. Técnicas luminiscentes.	Fundamentos. Mecanismos de desactivación molecular. Fluorescencia e fosforescencia. Factores que inflúen na luminiscencia. Amortiguación da fluorescencia. Quimioluminiscencia e Bioluminiscencia. Instrumentación. Metodoloxía analítica e Aplicacións.
TEMA 5. Espectroscopia Infravermella e Raman.	Fundamentos. Modos de vibración moleculares. Espectro infravermello e estrutura molecular. Espectroscopia Raman. Orixe dos espectros Raman. Instrumentación. Metodoloxía analítica. Aplicacións en análise cualitativa, cuantitativo e estrutural.
TEMA 6. Espectroscopia de absorción atómica.	Fundamentos. Espectros atómicos. Atomizadores de chama. Procesos de atomización. Atomización en forno de grafito. Programa de temperaturas. Interferencias. Instrumentación. Correctores de fondo. Métodos de xeración de vapor. Metodoloxía analítica e aplicacións. Espectrometría de fluorescencia atómica.
TEMA 7. Espectroscopia de emisión atómica	Fundamentos. Fontes de excitación. Espectrometría de emisión en chama (fotometría de chama). Espectrometría de emisión en arco e faísca. Espectrometría de emisión en plasma axustado por indución. Espectrometría de masas con fonte de plasma. Instrumentación. Interferencias. Metodoloxía analítica e aplicacións.
TEMA 8. Espectroscopia de raios-X.	Fundamentos. Orixe dos espectros de raios X. Interacción entre a radiación da rexión de raios X e a materia: absorción, emisión, fluorescencia e difracción. Espectroscopia de fluorescencia de raios X. Instrumentación. Metodoloxía analítica e aplicacións.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	24	24	48
Prácticas de laboratorio	14	3	17
Lección maxistral	24	31	55
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	8	8
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	4	4
Exame de preguntas obxectivas	0	8	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	4	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	A resolución de problemas permitirá reforzar a aprendizaxe do temario explicado durante as clases maxistras. A actividade a levar a cabo nestas clases comprende a resolución de problemas numéricos, exercicios teórico-prácticos, manexo de follas de cálculo para a resolución de problemas de calibración, discusión de casos prácticos relacionados cos métodos ópticos de análises e publicados en revistas docentes, etc. O profesor proporá de forma regular, diferentes problemas/exercicios/cuestionarios que serán resoltos de forma individual polo estudante e entregados para a súa avaliación.
Prácticas de laboratorio	Nas sesións prácticas de laboratorio, o estudante aprenderá o manexo dos instrumentos característicos das espectrometrías atómicas e moleculares, adquirindo destrezas nas distintas etapas do desenvolvemento dun método instrumental tales como a preparación de patróns, optimización de parámetros instrumentais, calibración, etc. Para iso, o profesor proporcionará ao estudante con suficiente antelación os guións onde se describirán de forma breve os fundamentos teóricos, obxectivos da práctica, instrumentación, reactivos e procedemento operativo. O estudante elaborará un caderno de laboratorio no que se plasmarán todas as operacións realizadas, os datos experimentais obtidos e as conclusións alcanzadas.

Lección maxistral	O profesor explicará os contidos do programa a partir do material proporcionado ao estudante a través da plataforma de teledocencia Moodle. Nas clases maxistrais, presentaranse os aspectos fundamentais da materia que deberán complementarse mediante a bibliografía recomendada. Ao finalizar cada tema, proporase aos estudantes un cuestionario con preguntas tipo test que deberá ser resolto individualmente.
-------------------	---

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesor resolverá as dúbidas de maneira personalizada sobre calquera das actividades propostas (clases maxistrais, prácticas de laboratorio, resolución de problemas/exercicios). A tal fin, o profesor informará o horario dispoñible na presentación da materia.
Resolución de problemas	O profesor resolverá as dúbidas de maneira personalizada sobre calquera das actividades propostas (clases maxistrais, prácticas de laboratorio, resolución de problemas/exercicios). A tal fin, o profesor informará o horario dispoñible na presentación da materia.
Prácticas de laboratorio	O profesor resolverá as dúbidas de maneira personalizada sobre calquera das actividades propostas (clases maxistrais, prácticas de laboratorio, resolución de problemas/exercicios). A tal fin, o profesor informará o horario dispoñible na presentación da materia.
Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O profesor resolverá as dúbidas de maneira personalizada sobre calquera das actividades propostas (clases maxistrais, prácticas de laboratorio, resolución de problemas/exercicios). A tal fin, o profesor informará o horario dispoñible na presentación da materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Nas sesións de laboratorio levará a cabo un seguimento do traballo experimental realizado polo estudante (actitude e destrezas adquiridas). É importante indicar que é OBRIGATORIA a asistencia a todas as sesións de laboratorio. A falta de asistencia, aínda sendo xustificada, penalizará a nota (en caso de ausencias xustificadas recoméndase recuperar a práctica noutro grupo). Si o número de ausencias é superior ao 25 % das sesións de laboratorio, suporá suspender a materia.	10	A3 B4 C6 D1 C26
Exame de preguntas de desenvolvemento	Efectuarase unha PROBA CURTA (exame parcial) aproximadamente a metade do cuadrimestre. A presentación a esta proba inhabilita ao alumno para obter a cualificación de non presentado. A proba curta consistirá en cuestións de resposta curta, problemas e preguntas tipo test. Esta proba, en caso de aprobarse, eliminará materia. Os estudantes que non a superen terán que examinarse desta parte da materia no exame final. A data deste exame aprobarase en Xunta de Facultade.	30	A2 B4 C6 D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	EXAME FINAL obrigatorio. Consistirá nunha proba sobre a segunda parte do temario que incluírá cuestións de resposta curta, problemas e preguntas tipo test. Será necesario obter un mínimo de 3 puntos sobre 10 neste exame para que a cualificación poidase sumar á do resto de elementos de avaliación. Os estudantes que non superen a proba curta anterior, correspondente á primeira parte do temario, terán que examinarse de toda a materia. Neste último caso, o exame representará o 60 % da cualificación final. A data deste exame aprobarase en Xunta de Facultade.	30	A2 B4 C6 D1
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O estudante elaborará un caderno no que se reflectirá o traballo experimental levado a cabo nas sesións de laboratorio (Preparación de patróns, calibración de equipos, procedementos, observacións, resultados, etc.). Avaliaranse tanto dos aspectos formais como a calidade dos resultados.	10	A3 B4 C26
Exame de preguntas obxectivas	Ao final de cada tema do programa teórico, o estudante levará a cabo un test de autoevaluación co fin de afianzar a comprensión dos contidos.	10	C6
Resolución de problemas e/ou exercicios	De cada boletín de problemas, o estudante resolverá de forma indivigual aqueles seleccionados polo profesor (entregables). Tamén levarán a cabo entregas de cuestións expostas nos diferentes estudos de casos prácticos que se debateron. Será necesario realizar un número mínimo de entregas establecido polo profesor para que a cualificación desta actividade poida ser sumada ao resto de elementos de avaliación.	10	A2 B4 C6 D1 A3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Maio-Xuño

A participación do alumno en calquera dos elementos de avaliación coa excepción da resolución de problemas e/ou exercicios (entregables) inhabilita o para obter a cualificación de NON PRESENTADO. Para superar a proba curta (exame parcial) así como a proba longa (exame final), será necesario que exista un equilibrio nas cualificacións da parte teórica e a de problemas. A cualificación na primeira edición da convocatoria estará integrada polas cualificacións obtidas nas clases de resolución de problemas (entregables) (1 punto), test de autoevaluación en clases maxistras (1 punto), prácticas de laboratorio (1 punto), informe de prácticas (1 punto), proba curta (3 puntos) e exame final (3 ou 6 puntos).

2ª Oportunidade (Xullo):

A cualificación nesta edición estará formada por dous compoñentes:

1. Puntuacións obtidas polo estudante durante o curso:

Conservaranse as cualificacións obtidas polo estudante durante o curso nas prácticas de laboratorio (1 punto) e informe de prácticas (1 punto).

2. Exame final dos contidos da materia (8 puntos).

Esta proba incluírá preguntas tipo test e problemas. Será necesario que exista un equilibrio nas cualificacións da parte teórica e a de problemas para superar a materia.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

D.A. Skoog, F.J. Holler, S.R. Crouch, **Principios de Análisis Instrumental**, 9786075266558, 7ª edición, Cengage Learning Editores, 2018

A. Rios, M.C. Moreno, M. Simonet, **Técnicas espectroscópicas en química analítica**, 978-84-995893-2-9, Síntesis, 2012

L. Hernández, C. González, **Introducción al Análisis Instrumental**, 84-344-8043-3, Ariel, 2002

#### **Bibliografía Complementaria**

J.D. Ingle, S.R. Crouch, **Spectrochemical Analysis**, 0-13-826900-9, Wiley, 1988

H.H. Willard, L.L. Merritt, J.A. Dean, F.A. Settle, **Métodos instrumentales de análisis**, 968-7270-83-7, Grupo Editorial Iberoamericana, 1991

J.N. Miller, J.C. Miller, **Estadística y Quimiometría para Química Analítica**, 84-205-3514-1, Prentice Hall, 2002

J.M. Fernández Solís, J. Pérez Iglesias, H.M. Seco Lago, **Estadística sencilla para estudiantes de ciencias**, 978-84-975681-5-9, Síntesis, 2012

J. Guiteras, R. Rubio, G. Fonrodona, **Curso experimental en Química Analítica**, 84-9756-072-8, Síntesis, 2003

J.M. Andrade y 5 autores más, **Problems of Instrumental Analysis: a hands-on guide**, 9781786341808, World Scientific Publishing Europe, 2017

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Determinación estrutural/V11G201V01206

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Física: Física I/V11G201V01102

Física: Física II/V11G201V01107

Matemáticas: Matemáticas I/V11G201V01103

Matemáticas: Matemáticas II/V11G201V01108

Química: Laboratorio de química I/V11G201V01105

Química: Laboratorio de química II/V11G201V01110

Química: Química I/V11G201V01104

Química: Química II/V11G201V01109

Química analítica I: Principios de química analítica/V11G201V01202

Química inorgánica I/V11G201V01204

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

### === ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

#### \*Metodoloxías docentes que se manteñen

Manteranse as metodoloxías propostas na guía docente para alcanzar os resultados da aprendizaxe, adaptadas a unha contorna virtual ou semipresencial, segundo as directrices marcadas polo centro. Se implementará en caso de ser necesaria, a docencia en modalidade virtual a través de campus remoto (docencia síncrona) ou a través da plataforma Moodle en FAITIC (docencia asíncrona). A actividade tutorial realizarase igualmente a través das ferramentas telemáticas apropiadas.

#### \*Metodoloxías docentes que se modifican

Ver anterior sección.

#### \*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

Efectuaranse por vía telemática (despacho virtual, skype, email, etc.).

#### \*Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Os contidos serán os mesmos.

#### \*Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

A bibliografía será a mesma. O profesor adecuará o material docente colgado na plataforma de teledocencia a unha contorna de docencia virtual que mellor se adapte ás situacións acaecidas.

#### Outras modificacións

### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A avaliación manterase de acordo ao planificado na guía docente, utilizándose as diferentes ferramentas de avaliación en modo virtual dispoñibles.

#### Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

#### Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

#### Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

#### Novas probas

#### Información adicional

---



**DATOS IDENTIFICATIVOS****Química física II: Superficies e coloides**

Materia	Química física II: Superficies e coloides			
Código	V11G201V01208			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Química Física			
Coordinador/a	Flores Rodríguez, Jesús Ramón			
Profesorado	Fernández Nóvoa, Alejandro Flores Rodríguez, Jesús Ramón Pastoriza Santos, Isabel Peña Gallego, María de los Ángeles Pérez Juste, Jorge			
Correo-e	flores@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://faitic.uvigo.es/index.php/es/">http://https://faitic.uvigo.es/index.php/es/</a>			
Descrición xeral	A materia desenvolve os fundamentos da termodinámica química que se introduciron en materias anteriores para aplicalos a sistemas de especial interese químico como macromoléculas e coloides, así como a procesos de adsorción. Para isto, primeiro estúdanse os Fenómenos do Transporte utilizando elementos básicos da Teoría Cinética que serán analizados en profundidade na materia Química Física V do terceiro ano. Desta maneira é posible estudar a orixe da condutividade iónica e analizar dun xeito integral as súas aplicacións químicas. Así, xunto co tratamento termodinámico da interface, analízase a estabilidade dos sistemas coloides e estúdanse os procesos de adsorción. Preséntanse e úsanse, na medida do posible, métodos experimentais para o estudo da estrutura e composición das interfaces mediante as prácticas correspondentes, incluídos tanto os derivados da medida da tensión superficial como os relativos a adsorción sobre superficies de sólidos. Tamén se presentan os métodos experimentais necesarios para o estudo das macromoléculas e os coloides			

**Competencias**

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B1	Capacidade de aprendizaxe autónoma
B2	Capacidade de organización e planificación
B4	Capacidade de análise e síntese
C16	Coñecer a relación entre propiedades macroscópicas e propiedades de átomos e moléculas individuais, incluíndo as macromoléculas (naturais e sintéticas), polímeros, coloides, cristais e outros materiais
C27	Demostrar capacidade para a observación, o seguimento e a medida dos procesos químicos, mediante o seu rexistro sistemático e fiable e a presentación de informes do traballo realizado
C28	Interpretar os datos derivados das observacións e medidas do laboratorio en termos do seu significado e relacionalos coa teoría adecuada
D1	Capacidade para resolver problemas

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os mecanismos xerais dos procesos de transporte, as súas ecuacións e aplicacións	A2	B1 B2 B4	C16 C27 C28	D1
Comprender a orixe da condutividade iónica e as súas aplicacións químicas.	A2	B1 B2 B4	C16 C27 C28	D1
Coñecer a estrutura das distintas interfaces e as magnitudes que as caracterizan	A2	B1 B2 B4	C16	
Explicar os principios que rexen os fenómenos de adsorción en superficies sólidas e coñecer as diferentes isotermas de adsorción	A2	B1 B2 B4	C16 C27 C28	D1

Explicar a natureza e estrutura das macromoléculas e dos polímeros	A2 A3	B1 B2 B4	C16	
Explicar as causas da estabilidade dos sistemas coloides e o seu control.	A2 A3	B1 B2 B4	C16 C27 C28	D1
Describir o fundamento de técnicas experimentais para determinar a estrutura de macromoléculas e sistemas coloides	A2 A3	B1 B2 B4	C16 C27 C28	D1

## Contidos

### Tema

FENÓMENOS DE TRANSPORTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Resultados fundamentais da Teoría Cinética dos Gases.</li> <li>2. Fenómenos de transporte non eléctrico. Coeficiente de difusión. Efusión. Condutividade térmica. Viscosidade.</li> <li>3. Efecto das forzas interpartícula.</li> <li>4. Movemento molecular e estrutura de líquidos. Cristais líquidos</li> <li>5. Fenómenos de transporte eléctrico. Condutividade iónica. Mobilidade iónica. Aplicacións das medicións de condutividade</li> </ol>
FENÓMENOS SUPERFICIAIS E TENSIÓN SUPERFICIAL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Interfaces</li> <li>2. Tratamento termodinámico: tensión superficial. Interfaces curvadas. Capilaridade. Presión de vapor</li> <li>3. Determinación experimental da tensión superficial.</li> <li>4. Dependencia da tensión superficial coa temperatura.</li> <li>5. Adhesión e cohesión.</li> <li>6. Interfaces con máis dun compoñente: Lei de Gibbs. Monocapas.</li> <li>7. Deterxencia.</li> <li>8. Nucleación.</li> </ol>
ADSORCIÓN SOBRE SÓLIDOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción.</li> <li>2. Clusters e Nanopartículas.</li> <li>3. Descrición da estrutura das superficies dos sólidos. Porosidad. Propiedades eléctricas superficiais dos sólidos.</li> <li>4. Determinación experimental da estrutura e composición superficial.</li> <li>5. Adsorción: aspectos xerais.</li> <li>6. Estudo experimental.</li> <li>7. Fisorción. Isoterma B.E.T.</li> <li>8. Quimisorción: Isotermas.</li> <li>9. Difusión superficial e desorción.</li> <li>10. Enlace químico superficial. Reestruturación superficial.</li> <li>11. A interfase electrizada. Modelos de dobre capa e electrocapilaridad.</li> <li>12. Fenómenos Electrocinéticos</li> </ol>
IV. MACROMOLÉCULAS E POLÍMEROS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aspectos xerais.</li> <li>2. Polimerización. Grao de polimerización.</li> <li>3. Distribución de masas moleculares.</li> <li>4. Estrutura. Conformacións. Variables conformacionais.</li> <li>5. Modelos estruturais. O ovillo estatístico. Rixidez da cadea.</li> <li>6. Caracterización experimental.</li> <li>7. Fraccionamiento.</li> <li>8. Natureza do estado sólido e propiedades químico-físicas.</li> </ol>

## V. COLOIDES

1. Clasificación dos sistemas coloidales.
  2. Estabilidade e xeración: consideracións xerais.
  3. Caracterización experimental.
  4. Dispersións liófbas : teoría D.L.V.O.
  5. Floculación e Coagulación.
  6. Síntese de nanopartículas.
  7. Estabilidade de emulsiones.
- Espumas.  
Microemulsiones.  
Micelas.
8. O método Langmuir-Blodgett: aplicacións á xeración de nanomateriais.
  9. Autoensamblaxe e química supramolecular.

### PRÁCTICAS

Experiencias relacionadas cos contidos.  
Fenómenos de transporte, incluíndose conductividade iónica. Fenómenos de superficie. Absorción sobre superficies de sólidos. Macromoléculas e coloides.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	38.4	62.4
Resolución de problemas	12	20.4	32.4
Prácticas de laboratorio	28	25.2	53.2
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos aspectos fundamentais de cada tema e formulación daqueles que vane a desenvolver nas clases de seminario mediante a realización de exercicios. Resposta ás cuestións puntuais que o alumnado expoña. Proporcionarase o material de estudo necesario para seguir as leccións mediante a plataforma TEMA (Faitic).
Resolución de problemas	Resolución de problemas numéricos e cuestións teóricas así como exercicios de tipo test. Os problemas e cuestións resolveranse, en principio, polo profesor, nos seminarios, coa participación do alumnado. Analizaranse e interpretaranse os resultados. De forma voluntaria, os alumnos poderán resolver os exercicios na clase, con axuda do profesor e a participación dos outros alumnos. Poderán, tamén de forma voluntaria, presentar a resolución escrita dun exercicio e debatela co profesor no horario de tutoría.
Prácticas de laboratorio	Procurarase que cada alumno realice un conxunto equilibrado de experiencias que exemplifique e desenvolva os contidos fundamentais. En principio, proponse levalas a cabo en parellas para unha maior axilidade no seu desenvolvemento, aínda que se optará polo modo individual si as circunstancias así o aconsellan. Proporcionarase ao alumnado guións completos das prácticas, referencias de material bibliográfico e instrucións para o uso dos instrumentos de ser necesario, así como relativas á seguridade no laboratorio. O alumno ha de elaborar as gráficas e facer os cálculos necesarios para obter os resultados finais, así como analizar e discutir os mesmos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O estudante poderá expor dúbidas puntuais nas sesións así como outras máis amplas no horario de tutoría do profesor
Resolución de problemas	Debaterase cos alumnos a resolución dos exercicios propostos e analizaranse os resultados obtidos en conexión co desenvolvemento de aspectos teóricos. Responderase as cuestións adicionais que os estudantes poidan expor no horario de tutoría do profesor.
Prácticas de laboratorio	Analizaranse co estudante durante as sesións prácticas, as dúbidas ou problemas que poidan xurdir no referente ao seu fundamento teórico, ao seu desenvolvemento experimental e aos aspectos clave dos cálculos necesarios. Abordaranse cuestións adicionais no horario de tutorías.

### Probas

Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Aclararanse as dúbidas que poidan xurdir respecto da celebración das probas escritas, en particular as relativas ao seu alcance e configuración. Procurarase, no caso da proba curta, discutir as solucións aos exercicios na seguinte clase de seminario. En horario de tutoría analizaranse co estudante, a petición súa, as respostas proporcionadas (revisión), tendo en conta os prazos establecidos no caso da proba longa.

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	10 (max)	A2 B1 C16 D1 B2 B4
Prácticas de laboratorio	20	A2 B1 C16 D1 A3 B2 C27 B4 C28
Exame de preguntas obxectivas	70-80	A2 C16 D1 C28

Valorarase a resolución por parte do alumno de exercicios propostos e a súa presentación. Realizaranse tamén exercicios tipo test. En ambos os casos de forma voluntaria. O peso na puntuación sitúase entre os límites 0-10%.

A súa realización é obrigatoria. Puntúanse por valoración do seu desenvolvemento experimental (13%) así como pola dun informe de prácticas. Este ha de confeccionarse de forma individual, conter táboas, gráficas e os cálculos necesarios para a obtención dos resultados, así como unha análise dos mesmos, en relación co procedemento experimental e o fundamento teórico empregados. Debe entregarse ao profesor encargado do correspondente grupo de laboratorio no prazo que se estableza (7%)

Proba curta.  
Terá lugar a metade de cuadrimestre aproximadamente. Consistirá na resolución de cuestións e problemas. Será liberatoria da materia avaliada soamente si se alcánza ou supera a puntuación de 5 puntos sobre 10. O seu peso, dependendo dos outros apartados da avaliación sitúase entre os límites: 0-28%.

Proba longa.  
Ten carácter obrigatorio. Realizarase a final do cuadrimestre. Os estudantes que non superen a proba curta deberán realizar todos os exercicios propostos. Aqueles que sí a superaron poderán realizar tamén, de forma voluntaria, os exercicios correspondentes á materia liberada para mellorar a súa cualificación.  
O seu peso, dependendo dos outros apartados da avaliación será: 45.5%-80%.

A cualificación combinada das probas escritas ha de ser polo menos 4.0 sobre 10 para que poida realizarse media cos outros apartados.

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Na avaliación de Xullo os estudantes deberán realizar unha proba longa que pode representar ata o 80% da puntuación, o resto correspondente ás prácticas de laboratorio. Manterase a puntuación das demais seccións (Resolución de problemas e Proba curta) se resulta unha media maior.

A puntuación combinada das probas escritas debe ser polo menos 4 sobre 10 para poder facer media coas outras seccións da avaliación. A puntuación media total debe ser de 5 puntos sobre 10 ou superior para que poda superarse a materia.

A presentación de calquera exercicio que poida ser avaliado, ou a realización de práctica ou proba imposibilita que a cualificación sexa 'non presentado'.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Atkins, P.W.; de Paula, J., **Atkin's Physical Chemistry**, 10th ed., Oxford University Press, 2014

Levine, I. N., **Physical Chemistry**, 6th ed., McGraw-Hill, 2009

#### Bibliografía Complementaria

Adamson, A. W.; Gast, A. P., **Physical Chemistry of Surfaces**, 6th ed, Physical Chemistry of Surfaces, 1997

Horta Zubiaga, A., **Macromoléculas**, UNED, 2004

Llorente Uceta, M. A.; Horta Zubiaga, A., **Técnicas de Caracterización de Polímeros**, UNED, 1993

Everett, D. H. F.R.S, **Basic Principles of Colloid Science**, RSC Paperbacks, 1988

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Determinación estrutural/V11G201V01206

Química analítica II: Métodos ópticos de análise/V11G201V01207

Química inorgánica II/V11G201V01209

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Física: Física I/V11G201V01102

Física: Física II/V11G201V01107

Xeoloxía: Xeoloxía/V11G201V01106

Química: Laboratorio de química II/V11G201V01110  
Química: Química II/V11G201V01109  
Bioquímica/V11G201V01201  
Química física I: Termodinámica química/V11G201V01203  
Química orgánica I/V11G201V01205

---

### **Outros comentarios**

Algúns contidos desenvólvense ou complementaranse noutras materias que se imparten con posterioridade. É o caso de "Química Física V: Cinética Química" (terceiro curso), "Química de Materiais" (cuarto curso) e, as optativas "Nanoquímica" e "Materia Condensada" de cuarto curso.

---

### **Plan de Continxencias**

---

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo \*COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías:

Lección maxistral.

Na modalidade mixta estableceranse por parte da Facultade de Química quendas de asistencia ás sesións. Estas difundiranse sempre que sexa posible de modo síncrono, mediante as ferramentas informáticas proporcionadas polo Campus Remoto ou outras similares, para aqueles alumnos que teñan de seguirlas por vía telemática.

Na modalidade non presencial as sesións seguiranse unicamente de forma telemática. Procurarase atender cuestións puntuais mediante o uso das utilidades dispoñibles nas ferramentas informáticas empregadas.

Resolución de problemas.

Na modalidade mixta os alumnos asistentes á clase de seminario poderán presentar, tamén de forma voluntaria, a resolución dun exercicio proposto previamente. Na modalidade non presencial o profesor resolverá os exercicios propostos por vía telemática e propoñeranse cuestións e exercicios tipo test ao alumnado mediante o uso, por exemplo, da plataforma TEMA (Faitic).

Prácticas de Laboratorio.

Procurarase que o alumnado realice no laboratorio, polo menos, as operacións e medidas imprescindibles para a obtención dos datos necesarios. Poderá realizarse a análise e tratamento dos mesmos para obter os resultados correspondentes, fóra do horario de prácticas de ser preciso, con orientación por parte do profesor por vía telemática (correo electrónico, videoconferencia, utilidades de TEMA), na forma que se demostre máis áxil. As prácticas realizaranse de modo individual de ser isto o máis conveniente.

Na modalidade de docencia non presencial consistirán nun Traballo Tutelado. Proporcionarase ao estudante información adicional, por exemplo, en forma de vídeos e tutoriais, relativa ao uso da instrumentación e á toma de medidas. Proporcionarase tamén conxuntos de resultados típicos das mesmas cos que o estudante realizará as gráficas e os cálculos necesarios para a obtención de resultados. O alumno presentará o correspondente informe, que se confeccionará a modo de traballo tutelado, aínda que integrando no mesmo os elementos básicos dun informe de prácticas. Poderán propoñerse tamén cuestionarios relativos á información fornecida. A entrega de informes e a realización dos cuestionarios realizarase a través da plataforma TEMA.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías realizaranse preferentemente de modo telemático na modalidade mixta e necesariamente así na modalidade non presencial.

\* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir  
Non hai modificacións.

\* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Proporcionarase no momento oportuno. Consistirá fundamentalmente en vídeos, tutoriales, e-books, e todo tipo de información que se fará accesible desde a plataforma TEMA ou proporcionándose os vínculos (links) de internet.

### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

#### Resolución de problemas.

Na modalidade mixta procurarase realizar a avaliación na maneira prevista na modalidade presencial, aínda que se valorará a posibilidade de realizar os exercicios tipo test por vía telemática. Na modalidade non presencial constará de exercicios tipo test que se realizan por vía telemática.

#### Prácticas de Laboratorio.

Na modalidade de docencia mixta puntuaranse de maneira análoga a como se fai na modalidade presencial. Na modalidade non presencial valoraranse exclusivamente os traballos/informes así como os cuestionarios relativos aos métodos experimentais que se utilizan.

#### Probas.

##### Proba de resposta curta.

Na modalidade mixta propoñeranse exercicios para a súa presentación telemática de non ser posible a realización presencial por quendas. Na modalidade non presencial realizarase de forma exclusivamente telemática.

Probas de resposta longa. Na modalidade mixta poderá realizarse unha proba longa presencial, por quendas de ser viable.

De non poder realizarse, e en todo caso na modalidade non presencial, substituirase por exercicios de entrega telemática a través das utilidades da plataforma TEMA, así como por traballos de desenvolvemento das distintas partes da materia, na forma que se considere máis adecuada.

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Química inorgánica II</b>				
Materia	Química inorgánica II			
Código	V11G201V01209			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Química inorgánica			
Coordinador/a	Vázquez López, Ezequiel Manuel			
Profesorado	Bolaño García, Sandra Carballo Rial, Rosa Rodríguez Arguelles, María Carmen Vázquez López, Ezequiel Manuel			
Correo-e	ezequiel@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia abórdase o estudo das propiedades físicas e químicas dos metais dos grupos principais e os seus derivados máis importantes. Se introducirán tamén as características máis xerais dos metais de transición e transición interna.			

<b>Competencias</b>	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B1	Capacidade de aprendizaxe autónoma
B3	Capacidade de xestión da información
B4	Capacidade de análise e síntese
C8	Coñecer as propiedades características dos elementos e os seus compostos, incluíndo as relacións entre grupos e as súas variacións na táboa periódica
C9	Coñecer os aspectos estruturais dos elementos químicos e os seus compostos, incluíndo a estereoquímica
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
D2	Capacidade para traballar en equipo

<b>Resultados de aprendizaxe</b>				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de predicir as propiedades dos metais segundo a súa posición na Táboa Periódica	A1	B1	C8	
		B4		
Demostrar coñecemento nos métodos de obtención, purificación e refinado dos metais (metalurxia)	A3	B3	C8	
		B4		
Ser capaz de elixir o método xeral máis adecuado para a obtención dos metais dos grupos principais e dos seus compostos máis importantes ou representativos	A3	B3	C8	
		B4	C9	
Ser capaz de describir a estrutura e reactividade máis destacada dos elementos metálicos e ós seus compostos		B3	C8	
		B4	C9	
Ser capaz de deducir as propiedades físicas dun elemento ou composto a partir do tipo de enlace e/ou forzas intermoleculares	A3	B3	C8	
		B4	C9	
Demostrar capacidade para relacionar as propiedades físicas e químicas de algunhas sustancias de interese con as súas aplicacións	A3	B3	C8	
		B4	C9	
Ser capaz de levar a cabo no laboratorio a preparación de algúns elementos e os seus compostos así como o estudo de algunhas das súas propiedades físicas e químicas		B1	C8	
		B4	C9	
			D2	
			C26	

<b>Contidos</b>	
Tema	
Tema 1. Os metais e o comportamento metálico	Estructura cristalina dos metais Enlace metálico (TEV e Teoría de bandas) Distribución dos metais na Táboa Periódica Propiedades dos metais Aleacións

Tema 2. Metalurxia	Obtención, concentración e redución da mena Diagramas de Ellingham Métodos de refino do metal
Tema 3. Introducción á Química de Coordinación	Concepto de complexo Ligando e átomo central Número de coordinación Introdución a nomenclatura
Tema 4. Elementos do grupo 1. Alcalinos	Propiedades físicas e químicas. Reactividade. Obtención. Compostos máis importantes Compostos organometálicos Bioinorgánica
Tema 5. Elementos do grupo 2. Alcalino-térreos	Propiedades físicas e químicas Reactividade. Obtención Compostos máis importantes Bioinorgánica Compostos organometálicos
Tema 6. Elementos metálicos do grupo 13: Al, Ga, In e Tl	Propiedades físicas e químicas Reactividade. Obtención Compostos máis importantes Compostos organometálicos
Tema 7. Elementos metálicos do grupo 14: Sn, Pb	Propiedades físicas e químicas Reactividade. Obtención Compostos máis importantes Compostos organometálicos Bioinorgánica
Tema 8. Elementos metálicos do grupo 15: As, Sb e Bi	Propiedades físicas e químicas Reactividade. Obtención Compostos máis importantes Compostos organometálicos Bioinorgánica
Tema 9. Introducción á Química dos Metais de Transición	Carácterísticas principais dos Metais de Transición Diferenzas entre os elementos da serie 1ª e os das series 2ª e 3ª Termos espectroscópicos dos ions libres
Tema 10. Elementos do grupo 12: Zn, Cd e Hg	Propiedades físicas e químicas Reactividade. Obtención Compostos máis importantes Compostos organometálicos Bioinorgánica
Tema 11. Introducción a Química dos Metais de Transición Interna: Lantánidos e Actínidos.	Propiedades físicas e químicas Reactividade. Obtención Compostos máis importantes
Prácticas de laboratorio	Realización no laboratorio de: - Estudo das propiedades físicas e químicas de diferentes metais e os seus compostos (óxidos, haluros, oxosales) - Obtención de metais e/ou combinacións binarias de metais dos grupos principais

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	12	24	36
Prácticas de laboratorio	14	12	26
Lección maxistral	24	28	52
Exame de preguntas obxectivas	2	14	16
Exame de preguntas obxectivas	0	20	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	As clases de seminario se adicaren á resolución de casos prácticos relacionados coa materia así como á resolución de dúbidas ou cuestións que xurdisen no desenvolvemento de cada tema. Contemplase tamén realizar seminarios nos que se abordarán aspectos non impartidos en materias anteriores pero necesarios para a marcha do curso.



Prácticas de laboratorio	As prácticas de laboratorio constarán de 4 sesións de 3,5 horas presencias. Os/as estudantes realizarán diferentes experiencias no laboratorio e deberán confeccionar o correspondente libro de laboratorio Algunha das experiencias poderán precisar o estudo previo de xeito individual ou por grupo
Lección maxistral	Nas clases teóricas se presentarán os aspectos fundamentais dos temas

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Durante todo o período docente os/as estudantes poderán consultar todo tipo de dudas da materia en horario de titorías ou previa cita.
Seminario	Durante todo o período docente os/as estudantes poderán consultar todo tipo de dudas da materia en horario de titorías ou previa cita.
Prácticas de laboratorio	Os alumnos poderan consultar a/os profesoras/es encargados en horario de tutorías ou previa cita as dúbidas do traballo nas prácticas de laboratorio

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Nas sesións de seminario se lles poderá pedir ás/ós estudantes a resolución de cuestións sinxelas que deberán entregar nese momento e que servirán para a súa avaliación. A puntuación soamente será considerada se na proba longa se acada unha calificación igual ou superior a 3 puntos sobre 10.	15	A1 B1 C8 D2 A3 B3 B4
Prácticas de laboratorio	A avaliación nas prácticas de laboratorio constará de 10% respecto a cuaderno de laboratorio e 5% ao comportamento, destreza por observación directa do/a profesor/a. Tamén se lles poderá pedir ás/ós estudantes a resolución de cuestións sinxelas que deberán entregar nese momento e que servirán para a súa avaliación	15	A1 B1 C8 A3 B3 B4
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais se lles poderá pedir ás/ós estudantes a resolución de cuestións sinxelas que deberán entregar nese momento e que servirán para a súa avaliación. A puntuación soamente será considerada se na proba longa se acada unha calificación igual ou superior a 3 puntos sobre 10.	5	A3 B4 C8
Exame de preguntas obxectivas	Haberá unha proba corta antes da metade do cuadrimestres onde se avaliarán as competencias relacionadas cos primeiros temas. A data e hora de realización é público e consta na programación académica aprobada na Xunta de Facultade correspondente.	25	B4 C8
Exame de preguntas obxectivas	Haberá unha proba final no que se fará unha avaliación global da materia. A data e horat de realización é público e consta na programación académica aprobada na Xunta de Facultade correspondente.	40	B4 C8

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Condicións para optar a **avaliación continua**:- O estudante ten que obrigatoriamente **asistir a todas as clases teóricas, seminarios e prácticas de laboratorio** (ver plan de continxencia)- O profesor/a debe dispor en tempo e forma dun mínimo do **80% dos entregables** propostos nas distintas actividades presencias (exercicios en clases teóricas e seminarios ou exercicios de traballo autónomo) ao final do curso. É tamén obrigatorio que o/a estudante **se presente a todas as probas escritas planificadas** para superar a materia.- O **incumprimento de calquera** de destas condicións implica a perda de dereito a avaliación continua.

Desenrolo da avaliación continua:- As competencias específicas da materia relacionadas coas competencias da titulación (CE7, CE8 e CE26) se avaliarán de forma explícita en exercicios na aula e probas escritas. As competencias básicas, xerais e transversais serán avaliadas de forma implícita na cualificación dos exercicios.- Será necesario unha puntuación superior ou igual ó 30% do valor total en cada unha das probas escritas (curtas e final) e na suma total das cualificacións dos entregables así como dun 50% das prácticas de laboratorio para que na cualificación final se teña en conta o resto dos elementos de avaliación (entregables e probas curtas). No caso de non acadar algún dos mínimos, na acta figurará o resultado ponderado das probas e exercicios cualificados nos que se acadou o criterio.- Os alumnos que non superen a materia ó final do cuadrimestre deberán facer unha proba escrita no período de peche de avaliación definitivo no mes de xullo. Dita proba terá un valor do **30%** da nota e substituirá os resultados da proba do final de cuadrimestre. A cualificación dos entregables (das actividades presenciais) e probas curtas non son recuperables.- A cualificación final das/dos estudantes, de ser superior a 7 puntos sobre 10, poderá ser normalizada de forma que a cualificación máis alta poda ser ata 10 puntos.

No caso de **non acadar as condicións para avaliación continua**, o/a estudante poderá presentarse a unha proba ó final do cuadrimestre onde deberá resolver cuestións relacionadas con todas as competencias específicas da materia (incluída a **CE26**). En cada pregunta ou cuestión, se identificará a competencia que se está a avaliar. Esta proba será diferente en

extensión á realizada por aqueles que opten por avaliación continua. Nese caso:1.- Será necesario obter un mínimo de **3 pts sobre 10** de media na avaliación das **competencias CE7 e CE8** e de **5 na competencia CE26** para superar a materia.2.- Será necesario obter unha cualificación global igual ou superior a **5 sobre 10 nesa proba** para superar a materia e, **en ningún caso terase en conta as cualificacións anteriores obtida durante o cuadrimestre**.3.- A cualificación non será afectada pola normalización aplicada de ser superior a 7 puntos.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Catherine E. Housecroft, Alan G. Sharpe ; traducción Pilar Gil Ruiz, **Química inorgánica**, 84-205-4847-2, 2ª, Pearson Prentice Hall, D.L, 2006

### **Bibliografía Complementaria**

Catherine E. Housecroft and Alan G. Sharpe, **Inorganic chemistry**, 978-0-273-74275-3, 4ª, Harlow : Pearson, 2012

James E. Huheey, Ellen A. Keiter, Richard L. Keiter, **Química inorgánica : principios de estructura y reactividad**, 9706131620, 4ª, Oxford University Press, 1997

F. Albert Cotton y Geoffrey Wilkinson, **Química inorgánica avanzada**, 968-18-1795-8, 4ª, LIMUSA WILEY, 2006

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Química inorgánica II/V11G201V01209

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Determinación estrutural/V11G201V01206

Química física I: Termodinámica química/V11G201V01203

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Química: Laboratorio de química I/V11G201V01105

Química: Laboratorio de química II/V11G201V01110

Química: Química I/V11G201V01104

Química: Química II/V11G201V01109

Química inorgánica I/V11G201V01204

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

De non ser expresamente prohibidas, todas as actividades docentes manteranse presenciais. De non estar permitidas, as clases teóricas e seminarios realizaranse no mesmo horario mediante o uso do campus remoto ou plataforma alternativa institucional. A asistencia aínda que remota continuará a ser obrigatoria.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

De non poder realizarse as prácticas de laboratorio os profesores encargados remitirán aos estudantes tarefas substitutorias de entrega obrigatoria.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Os/as estudantes poderán solicitar atención personalizada non presencial mediante o uso do campus remoto. Os enlaces y acceso a esta plataforma estará dispoñíbel na plataforma faitic ao inicio do curso.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

O material adicional que poderá considerar necesario en caso de confinamento, estará dispoñíbel na plataforma faitic.

\* Outras modificacións  
Non procede

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Todas as probas manteñen o peso relativo establecido na guía docente.

A avaliación da parte práctica no caso de que non se poderán impartir (total ou parcialmente) substituirase mediante a entrega de traballos e/ou exercicios relacionados coa competencia CE26.

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Química orgánica II</b>				
Materia	Química orgánica II			
Código	V11G201V01210			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego Inglés			
Departamento	Química orgánica			
Coordinador/a	Tojo Suárez, Emilia			
Profesorado	Alonso Gómez, José Lorenzo Cid Fernández, María Magdalena Iglesias Antelo, María Beatriz Tojo Suárez, Emilia			
Correo-e	etojo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Nesta materia preténdese profundar no coñecemento das propiedades e a reactividade dos grupos funcionais. Despois dun estudo detallado das reaccións de substitución nucleófila e eliminación, abordaranse as reaccións de adición ao grupo carbonilo, dos derivados do ácido carboxílico e da reactividade en alfa ao grupo carbonilo. Continuarase coas principais reaccións de oxidación-redución en química orgánica e finalmente estudarase a reactividade dos compostos carbonílicos bifuncionais.</p> <p>Materia do programa English Friendly: Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

### Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B5	Capacidade de adaptarse a novas situacións e adoptar decisións
C17	Coñecer a natureza e comportamento dos grupos funcionais nas moléculas orgánicas
C18	Coñecer as propiedades dos compostos alifáticos, aromáticos, heterocíclicos e organometálicos
C26	Levar a cabo correctamente procedementos habituais no laboratorio, incluíndo o uso de instrumentación química estándar para o traballo sintético e analítico
C28	Interpretar os datos derivados das observacións e medidas do laboratorio en términos do seu significado e relacionalos coa teoría adecuada
D1	Capacidade para resolver problemas
D3	Capacidade para comunicarse de forma oral e escrita en castelán e/ou galego e/ou inglés

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Diferenciar, segundo as condicións de reacción e os substratos utilizados, os mecanismos de substitución nucleófila SN1 e SN2.	A2 A5	C17 C18	D1 D3
Aplicar os procesos de substitución nucleófila sobre carbonos sp <sup>3</sup> na obtención de compostos orgánicos con enlaces sinxelos.	A2 A5	C17 C18	D1 D3
Diferenciar, segundo as condicións de reacción e os *substratos utilizados, os mecanismos de eliminación E1 e E2.	A2 A5	C17 C18	D1 D3
Aplicar as reaccións redox aos compostos orgánicos.	A2 A5	C17 C18	D1 D3
Explicar a reactividade dos compostos carbonílicos mediante un mecanismo de adición nucleófila.	A5	C17 C18	D1 D3
Explicar a reactividade dos derivados de acedos carboxílicos mediante un mecanismo de adición-eliminación.	A5	C17 C18	D1 D3
Aplicar a reactividade de enoles e enolatos.	A2 A5	C17 C18	D1 D3
Aplicar a reactividade dos compostos alfa-dicarbonílicos en síntese orgánica.	A2 A5	C17 C18	D1 D3

Deseñar a síntese de derivados dos compostos carbonílicos alfa, beta-insaturados mediante reaccións de adición 1,2 e 1,4.	A2		C17	D1
	A5		C18	D3
Realizar correctamente os procedementos experimentais habituais en preparacións orgánicas sinxelas.	A2	B5	C17	D1
	A5		C18	D3
			C26	
			C28	

## Contidos

Tema	
TEMA 1. Reaccións de substitución nucleófila sobre carbonos sp <sup>3</sup>	Substitución nucleófila bimolecular (SN <sub>2</sub> ). Substitución nucleófila unimolecular (SN <sub>1</sub> ). Cinética, mecanismos, aspectos estereoquímicos. Competición entre SN <sub>2</sub> e SN <sub>1</sub> . Transformacións de grupos funcionais a través de procesos SN <sub>2</sub> e SN <sub>1</sub> : síntese de Williamson, preparación de tioles e tioéteres, preparación de aminas, reaccións de alcois e éteres, apertura de epóxidos, conversión de acedos carboxílicos en ésteres metílicos por reacción con diazometano.
TEMA 2. Reaccións de eliminación.	Eliminación bimolecular (E <sub>2</sub> ). Eliminación unimolecular (E <sub>1</sub> ). Eliminación unimolecular base conxugada (E <sub>1cB</sub> ). Eliminación intramolecular (E <sub>i</sub> ). Mecanismos. Competición entre substitución e eliminación. Aplicacións das reaccións de eliminación en síntese orgánica: eliminación de Hofmann, eliminación de Cope, deshidratación de alcois, transposición pinacolínica.
TEMA 3. Reaccións de adición nucleófila ao grupo carbonilo.	Estrutura e reactividade xeral do grupo carbonilo (aldehídos e cetonas). Mecanismo xeral da adición nucleófila. Adicións nucleófilas non reversibles: adición de compostos organometálicos (alquinos, organolíticos e magnesianos); adición de carbaniones estabilizados; adición de hidruro. Adicións nucleófilas reversibles: adición de compostos oxigenados e de xofre (auga, alcois e tioles); adición de compostos nitrogenados (aminas e outros compostos nitrogenados); adición de cianuro de hidróxeno.
Tema 4. Reaccións de substitución nucleófila sobre grupos carbonilo.	Estrutura e reactividade xeral dos ácidos carboxílicos e derivados de ácido. Reactividade relativa dos derivados de ácido: basicidade e electrofilia. Reaccións non reversibles de adición-eliminación: grupo sañte. Reaccións reversibles de adición-eliminación: catálisis básica e catálisis aceda. Reaccións con auga e alcois; reaccións con amoníaco e aminas. Estrutura e reactividade de nitrilos. Reaccións de nitrilos.
TEMA 5. Reactividade da posición alfa ao grupo carbonilo.	Enoles e enolatos: reactividade xeral. Reaccións de aniones enolato de cetonas e ésteres: alquilación de cetonas, alquilación de ésteres. Halogenación de cetonas. Reaccións dos aniones enolato con compostos carbonílicos: reacción aldólica, condensación de Claisen, condensación de Dieckmann, reacción de Reformatsky.
TEMA 6. Reaccións de oxidación-redución.	Reaccións de oxidación de alcois. Reaccións de oxidación de compostos carbonílicos. Ruptura oxidativa de alquenos e alquinos. Redución de aldehídos e cetonas. Redución de ácidos carboxílicos, ésteres e nitrilos.
TEMA 7. Compostos bifuncionais: adicións conxugadas.	Reaccións de compostos alfa-dicarbonílicos: transposición do ácido bencílico, enolización. Reaccións de compostos beta-dicarbonílicos: enolización, alquilación, descarboxilación, síntese malónica, síntese acetilacética, reacción de Knoevenagel, alquilación de dianiones. Reaccións de compostos carbonílicos alfa,beta-insaturados: reaccións con electrófilos, reaccións con nucleófilos, adición de compostos organometálicos, adición de carbaniones (reacción de Michael), anelación de Robinson.
PRÁCTICAS DE LABORATORIO	Nestas sesións levarán a cabo experimentos relacionados co contido teórico da materia.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	24	48
Resolución de problemas	12	18	30
Prácticas de laboratorio	28	8	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	22	24
Traballo	0	12	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Lección maxistral	O profesorado exporá, de forma estruturada, aqueles aspectos xerais da materia, dedicando especial atención aos de maior relevancia do programa e de maior dificultade de asimilación polo alumnado. O profesorado facilitará, a través da aula virtual, o material necesario para a realización do traballo persoal do alumnado. Leste deberá traballar previamente o material entregado e consultar a bibliografía recomendada para completar a información, coa finalidade de seguir as explicacións dos contidos do programa co maior aproveitamento posible.
Resolución de problemas	Nesta actividade, que terá lugar durante 1 hora á semana, discutiránse aqueles aspectos de maior complexidade da materia, e resolveránse exercicios e problemas previamente elaborados e propostos polo profesorado relacionados cos contidos teóricos. Unha selección dos exercicios será entregada regularmente ao profesorado para a súa avaliación.
Prácticas de laboratorio	Realizaránse experimentos de laboratorio, de modo individual, en sesións presenciais de 3,5 horas. O alumnado disporá, a través da aula virtual, do material necesario para a preparación previa dos experimentos. O traballo con este material, previo á sesión de clase de laboratorio, poderá incluír a realización e entrega de tarefas. Durante a realización das prácticas, o alumnado elaborará un caderno de laboratorio no que se deberán anotar todas as observacións relativas ao experimento realizado. Despois da realización da práctica, o alumnado deberá completar o traballo que se indique en cada caso.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado atenderá de forma personalizada as consultas do alumnado relacionadas co estudo dos temas vinculados á materia, informando con antelación da súa dispoñibilidade a través dos horarios de titorías. Adicionalmente, o profesorado empregará canles de comunicación telemática co alumnado (correo electrónico, ferramentas de aula virtual).
Prácticas de laboratorio	O profesorado atenderá as consultas do alumnado relacionadas co desenvolvemento da docencia de laboratorio, tanto nas sesións de prácticas como antes e despois da súa impartición. Os horarios de atención aos estudantes do profesorado da materia estarán dispoñibles na aula virtual e a través doutras vías establecidas pola universidade.
Resolución de problemas	O profesorado atenderá de forma personalizada as consultas do alumnado relacionadas cos problemas e exercicios vinculados aos contidos da materia, a través dos horarios de titorías, os cales estarán dispoñibles na aula virtual e a través doutras vías establecidas pola universidade. Adicionalmente, o profesorado empregará canles de comunicación telemática co alumnado (correo electrónico, ferramentas de aula virtual).
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesorado atenderá de forma personalizada as consultas do alumnado relacionadas coas probas de avaliación, durante os horarios de titorías, os cales estarán dispoñibles na aula virtual e a través doutras vías establecidas pola universidade. Adicionalmente, o profesorado empregará canles de comunicación telemática co alumnado (correo electrónico, ferramentas de aula virtual).
Traballo	O profesorado atenderá de forma personalizada as consultas do alumnado relacionadas cos traballos propostos polo profesorado, durante os horarios de titorías, os cales estarán dispoñibles na aula virtual e a través doutras vías establecidas pola universidade. Adicionalmente, o profesorado empregará canles de comunicación telemática co alumnado (correo electrónico, ferramentas de aula virtual).

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Valorarase a participación e a resolución dos exercicios propostos polo profesorado. Regularmente, unha selección dos exercicios será resolta na aula e entregada ao profesorado para a súa avaliación.	20	A2 A5	B5	C17 C18	D1 D3
Prácticas de laboratorio	A asistencia ás clases prácticas de laboratorio é obrigatoria. O traballo de laboratorio será avaliado como APTO/A ou NON APTO/A. Neste apartado inclúiranse os seguintes aspectos: traballo previo, desenvolvemento do traballo experimental, caderno de laboratorio e traballo posterior. A avaliación do desenvolvemento do traballo experimental realizarase utilizando a ferramenta de observación sistemática. Para que o alumnado supere a materia deberá obter a cualificación de APTO no traballo de prácticas de laboratorio.	0	A2 A5	B5	C17 C18 C26 C28	D1 D3

Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse tres probas: 1.- Unha proba sobre os contidos dos 4 primeiros temas, que suporá o 15% da cualificación final. Esixirase unha nota mínima de 3.0 puntos sobre 10.0 nesta proba para superar a materia. 2.- Unha proba sobre todos os contidos da materia, que suporá un 30% da cualificación final. Esixirase unha nota mínima de 4.0 puntos sobre 10.0 nesta proba para superar a materia. 3.- Unha proba escrita relacionada coa parte experimental da materia, que suporá un 15% da cualificación final. Esixirase unha nota mínima de 4.0 puntos sobre 10.0 nesta proba para superar a materia. No caso de que non se superen os mínimos esixidos nalgún dos apartados anteriores, a cualificación final obtida na materia será a cualificación ponderada do tres probas de avaliación.	60	A2 A5	B5	C17 C18	D1 D3
Traballo	O alumnado realizará dous traballos relacionados co contido da materia. Estes traballos deberán axustarse aos parámetros especificados polo profesorado, e presentaranse de forma escrita ou a través dunha exposición oral.	20	A2 A5	B5	C17 C18 C26 C28	D1 D3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

CONDICIÓN DE PRESENTADO/A: A participación do alumnado en calquera das probas escritas implicará a condición de presentado/a e por tanto a asignación de cualificación.

AVALIACIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA: manterase a cualificación obtida polo alumnado durante o curso en resolución de problemas, prácticas de laboratorio e traballos. Realizarase unha proba sobre todos os contidos da materia que suporá un 60% da cualificación final. Será necesario alcanzar nesta proba un mínimo de 4 puntos sobre 10 para superar a materia e para ter en conta o resto dos elementos de avaliación.

OPCIÓN DE AVALIACIÓN NON CONTINUA: o alumnado que desexe non optar á avaliación continua deberá realizar e superar a avaliación das Prácticas de Laboratorio (cualificación APTO/A en o traballo desenvolvido no laboratorio e cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na proba escrita da parte experimental). Ademais deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10 nunha proba na que se avaliarán todos os contidos da materia.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

KLEIN, D., **Química Orgánica**, 1ª edición en español, Médica Panamericana, 2013

VOLLHARDT, K.P.C.; SCHORE, N.E., **Química Orgánica**, 5ª en español, Ediciones Omega, 2007

WADE, L.G., **Química Orgánica**, 9ª en español, Pearsons-Educación, 2017

#### Bibliografía Complementaria

PALLEROS, D.R., **Experimental Organic Chemistry**, John Wiley and Sons, 2000

QUIÑOÁ, E.; RIGUERA, R., **Cuestiones y ejercicios de Química Orgánica**, 2ª edición, McGraw-Hill Interamericana, 2004

QUIÑOÁ, E.; RIGUERA, R., **Nomenclatura y representación de los compuestos orgánicos**, 2ª edición, McGraw-Hill Interamericana, 2005

DOBADO, J.A.; GARCÍA-CALVO, F.; GARCÍA, J.I., **Química Orgánica: ejercicios comentados**, Garceta, 2012

CAREY, F., **Química Orgánica**, 9ª en español, McGraw-Hill Interamericana, 2014

CLAYDEN, J.; GREEVES, N.; WARREN, S., **Organic Chemistry**, 2ª edición, Oxford University Press, 2012

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Determinación estrutural/V11G201V01206

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química orgánica I/V11G201V01205

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

#### === ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A prioridade é manter as metodoloxías tal e como están planificadas.

- Metodoloxías docentes non presenciais:

En caso de necesidade tanto as Leccións maxistras como as clases de Resolución de Problemas e as Prácticas de laboratorio, realizaranse por medios virtuais. A actividade docente impartirase mediante Campus remoto, facendo uso ademais da plataforma de teledocencia Faitic, sen prexuízo doutras medidas que se poderán adoptar para garantir o acceso do alumnado aos contidos docentes.

- Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

As sesións de titorización realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, campus remoto, vídeoconferencia,...), preferentemente con cita previa.

- Modificacións (se proceden) dos contidos para impartir:

Non está previsto que se fagan modificacións nos contidos para impartir.

- Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe:

En caso de necesidade facilitarase material específico.

#### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As probas de avaliación e entrega de exercicios levarán a cabo de modo virtual a través de diferentes plataformas, con monitoraxe visual e de audio do alumnado. Nestas probas incluíranse as adaptacións necesarias (limitación do tempo de resposta, controis antiplagio...) para asegurar a equidade e o correcto desenvolvemento das probas. En caso de exporse impedimentos técnicos ou persoais que dificulten o control fiable destas probas, ofertaranse alternativas de carácter oral con gravación, a fin de deixar constancia documental das mesmas. A gravación poderá estenderse, en caso de ser necesario, ás sesións de revisión de exame.

A ponderación das distintas ferramentas de avaliación será a mesma que a establecida para a avaliación presencial.

---